



VENCEDORES E VENCIDOS



17-10: A lei dos máis fortes

Acabamos de pasar polo proceso electoral máis convulso e suxerente da recente Historia de Galicia. Merece unha reflexión.

A victoria dos conservadores do P.P., victoria moi persoal de Manuel Fraga, non colle de sorpresa a case ninguén, agás pola súa brutal contundencia.

Hai cando menos dous elementos que xogaron a favor dese resultado. Está primeiro a personalidade do político de Vilalba, ese autoritarismo paternal que os seus críticos xulgan despótico e primitivo, pero que o corpo electoral galego interpreta coma fortaleza e seguridade, coma afirmación do principio de orde en tempos de crise moral e social. Velaí temos ese convencemento tan estendido de que Galicia tivo con Fraga, por primeira vez, un presidente.

Pero, ademais, está o comportamento do PSOE. Poucas veces un partido puido acumular tanto descrédito en tan pouco tempo. Ese é o segundo convencemento do electorado: o PSOE en Galicia é, coma mínimo, inútil, e moi probablemente prexudicial. É unha sonda gañada a pulso: caso tras caso, tema tras tema, fronte a decisións de Madrid ou Bruxelas claramente prexudiciais para a agricultura, a pesca, a industria ou a autonomía financeira de Galicia, o partido de Presedo caeu no erro de querer lava-la cara ó goberno central. Por sistema deixou a outros o papel de defensores da nosa terra. Por sistema escolleron se-la voz do seu amo. E algunha vez tiña que se notar. Esa é a razón do fracaso e non, como se empeñan en demostrar guerristas e renovadores, a composición das listas,.... aínda que todo axude.

Pero a gran nova destas eleccións foi o ascenso do BNG á primeira categoría das opcións electorais. Fronte á fortaleza e o poderío de Fraga, emerxe a contundencia e a autoridade de Beiras. E confírmase o acerto político do impulso renovador liderado polo economista santiagués, ese impulso que Irimia saudou xa no seu empezo (editorial do número 309 -feb. 1989-: *Facendo as beiras a Beiras*).

Cómpre lembrar que agora o Bloque ten unha grandísima responsabilidade. Ten o que ten gracias ó voto de 270.000 galegos e galegas, un apoio enorme que reborda absolutamente os estreitos lindeiros da militancia e da fiel clientela electoral. Por eso o Bloque non se debe xa ó restrinxido grupos dos incondicionais, das organizacións afíns e controladas e dos intelectuais na *liña correcta*. Máis ca nunca no BNG deberá apostarse pola cultura da flexibilidade e o diálogo. Máis ca nunca deberá desbotarse toto resto de sectarismo e, como dicía aquel acertado *slogan*, *abrirse a Galicia*, a unha Galicia plural. E convén, respectuosamente, recorda-lo elemental: a xenerosidade esixible ós vencedores; a humildade e a modestia que o propio Beiras recoñecía necesaria na mesma noite electoral; e os perigos do culto á personalidade.

E a outra cara da moeda é Camilo Nogueira e o proxecto que representaba. E aí nace a pregunta do millón: ¿Estaba o PSG-Esquerda Galega na Unidade Galega na que debía estar? e ¿Estaba esa Unidade Galega no sitio que debía?. Certamente hai que reflexionar.

Daniel López Muñoz

Sarna para ninguén e... aburiño, cariño

Cando o PSOE sexa extraparlamentario e Paco Vázquez teña un postiño de traballo nunha empresa constructora agradecida, alguén se lembrará do pasado 17 de outubro e dirá: *aquel foi o principio da fin*.

Porque a soberbia é case tan mala compañeira coma o medo, tan mala aliada coma a incompetencia.

E o que non se pode é da-lo espectáculo que deu o noso eterno aspirante a *Faraón* do noroeste, o célebre alcalde de engominado castrapo. O que non se pode é andar a navalladas cos do propio partido en momentos delicados, así, con descaro, por máis que a un non o trátarsen demasiado ben ou non lle metesen nas listas ós seus recomendados. O que non se pode é, con ese aquel de mala fe, escapa-lo día da votación, votar por correo e facelo mal adrede para que o voto sexa nulo. Eso, Paco, non o esperabamos dun enxebre *gentleman like you*.

Porque a xente non é parva de todo. E a xente di: *Se fai esto ós seus, qué non fará ós demais*. E por iso as cousas se lle poden revirar ó home este, que tanta manobra marea a calquera.

¿Ten futuro coma alcalde?... Xa tivo máis do que ten. Cando o do aeroporto de Alvedro, por exemplo, o equi-

po económico de Solchaga negábase en redondo a ese gasto, por desproporcionado, e foi o propio Guerra o que arrincou os cartos para seu home do Noroeste. Despois, naquel delirio de inauguración, todos lembrámo-la frase máis famosa da súa historia, aquela na que expresaba con especial nitidez a súa concepción de Galicia, composta pola Coruña e un resto innumerable e *sarnoso*. Pero agora co padriño a medio retirar, e con todo este feo que argallou, ¿que futuro lle agarda?

Algún cronista despistado de alén de Pedrafita anda dicindo que o erro do PSOE nestas foi non presenta-lo seu líder forte en Galicia, que é o ilustre señor do que aquí se fala. Pero alá non se acaban de decatar. O camiño da Xunta pechouno o señor Vázquez, a portazos, o día que decidiu amarrar-lo seu poder local a base de excitalos máis baixos instintos localistas da clase media coruñesa e encirra-lo pobo de Coruña contra o resto da nación galega e o seu idioma, facendo da entrañable cidade de cristal un lugar onde ninguén se sente estranxeiro, agás un galego ou galega que exerza coma tal.

Así que, mellor, sarna para ninguén, saúde para todos e, se toca, a prepara-la despedida.

IRIMIA

EDITA: Empresa periódica A IRIMIA.

DIRECTORA: Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago) Telf.: 585330.
MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Xosé Chao Rego, Carmela Capeáns Leis, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Manolo Regal Ledo, Beatriz García Turnes, Manoli Paz Baña, Pedro Pedrouzo Devesa.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Francisco Carballo, Tintxu, Miguel Anxo Araújo, Xavier R. Madriñán, Lois Ferradas, Madó Domínguez, Severino Gestoso.

SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela.
Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición Ordinaria: 2.000 pts. Real: 3.000 pts. De Apoio: 5.000 pts.

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana nº 8 - Santiago
DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **IMPRIME:** Imprenta Minerva

Sorprendido e agradecido

Eran as 12,30 da noite. Había un pedazo que chegara do traballo e estaba acabando de cear. De pronto soou o teléfono. Era o meu compañeiro de traballo, que quería contrastar comigo unha información sobre a situación dunha rapaza drogodependente que está facendo un programa de rehabilitación. O ton de voz do meu compañeiro era por unha parte ansioso, e pola outra, satisfeito; adivinábase con total facilidade a preocupación activa que tiña pola boa marcha daquela rapaza.

Teño pensado moitas veces neste meu compañeiro. Porque moitas veces tamén me ten sorprendido con extraordinarios detalles de atención laboral cara ós rapaces que están ó seu coidado. Para el non son simplemente a ocasión de poder acadar un salario necesario para vivir. De lonxe se percibe que os rapaces e rapazas teñen entrado pola porta grande da

súa vida, esa porta que só abren os que se moven cun afán fondo de solidariedade.

Non sei se este meu compañeiro de traballo é crente. Teño ganas de sabelo. Tampouco non sei de onde saca as forzas para o seu evidente compromiso eficaz cos que foron drogadictos. Igualmente gustaríame sabelo. Non sei se el lle dá o

nome de Deus a todo ese mundo maravilhoso de solidariedade efectiva no que el anda metido.

De calquera maneira, ¿é tan importante sabelo? ¿Non está máis claro cá luz do mediodía que o meu compañeiro leva ás costas o sinal imborrable de Deus? ¿Por que esta miña preocupación por querer mollar sempre con auga bendita tódalas plantas que medran vizosas nas terras do amor? ¿Por honra e gloria do nome de Deus ou por honra e nome do grupo ou sector dos crentes ó que eu pertenzo?

Este meu compañeiro é para min fonte de ánimo e de agradecemento continuo. Estame axudando a comprender, en vivo e en directo, aquela afección que no Evanxeo se amosa polos que, estando fóra, no campo dos excluídos, participan do banquete de vodas que Deus ofrece sempre con sorpresa.



A solidariedade, o sinal imborrable de Deus.

REMOENDO O EVANXEO


Son vixía na noite, estou esperando por ti, Señor

Domingo XXXII do Tempo Ordinario (7 de Novembro)

“O Reino de Deus parécese a dez mociñas que collendo os seus candís de aceite, saíron a recibi-lo noivo. Cinco delas eran parvas e cinco asisadas... Vixiade, porque non sabedes nin o día nin a hora” (Mt 25, 1-3)

Domingo XXXIII do Tempo Ordinario (14 de Novembro)

“Tamén é o Reino de Deus coma un home que, tendo que sair de viaxe, chamou polos seus criados e deulle-lo coidado da súa facenda. A un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un; a cadaquén segundo a súa capacidade. Despois marchou” (Mt 25, 14-30).



“Nunca digas
non sei, non vallo, non podo,
non teño forzas,
eu non entendo,
esas cousas para os que saben ...
Para facer pobo e Terra,
todos valemos, sabemos e podemos.

Se tes cinco, pon cinco;
se tes dous, pon dous;
se tes un, pon un.
Se es cego, terma do coxo;
se es coxo, guía ó cego;
se es coxo e cego, daquela¡canta!
que non é pouco en tempos de desencanto.


Sé valente e humilde
para descubri-lo teu don;
acéptao, e acéptate a ti con el.

...

¡Anímate!
Xuntos facemos pobo,
xuntos facemos Terra,
xuntos facemos Ceo”.

(M. Regal, *Un caxato para o camiño*, px. 136).

OS PRESUPOSTOS DO ESTADO, que volven cada ano por estas datas, seguen a preocupar polo vertixe do gasto público: nos sete últimos anos medrou un cento vinteseite por cento; así, a remates de ano, chegou ós vinteseite con dous, billóns de pesetas, con b, case a metade do Producto Interior Bruto. Os pagos polos intereses das débedas multiplicáronse por tres e os investimentos só chegaron ós dous con cinco billóns.



PERÚ está a vivir momentos importantes da súa historia... Nestes días o seu presidente Fujimori quere reforma-la Constitución, envalentonado coas confesións dalgúns detidos coma o que aparece na fotografía, pra demostra-la súa eficacia policial; mais ninguén esquece eses case trinta mil mortos entre mil novecentos oitenta e mil novecentos noventa e dous, dos que máis da metade foron vítimas do Estado, entre eles tres mil desaparecidos... Perú segue envolto nunha espiral de violencia da que son responsables as guerrillas, pero tamén o Estado.



O PREMIO XERAIS DE NOVELA E O MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL serán fallados o primeiro sábado deste mes en Pontevedra. Nunha velada literaria na que participarán preto de catrocentos escritores, editores, libeiros, animadores culturais..., O Director da editorial, Victor F. Freixanes tomará o pulso ás nosas letras na súa conferencia. Xa neste outono puidemos saborea-lo Premio Blanco Amor que foi prá novela: "Pegasus, culpable de asasinat" da escritora Ursula Heinze.

...



OS MÁIS VELLÓS aínda seguen mal atendidos polas institucións; hai poucas residencias ben dotadas... Estes días inaugurouse a "Primeira Unidade de Avaliación Xeriátrica" que está no Hospital de Calde-Lugo. Está en contra de "hospitalismo" e traballan

pola atención do anciano dentro da comunidade, iso sí, sempre cuns servicios moi humanos.

AGASALLA IRIMIA

¿Aínda non sabes qué regalar neste Nadal? Dá o golpe. Márcate un tantazo orixinal. ¡Déixate de perfumes! ¡Con IRIMIA non o abandonará o desodorante!

Recorta e envíanos a: IRIMIA Apdo. 980- Santiago.

Quero subscribirme a **IRIMIA** (Suscripción por un ano) (1):

Ordinaria: 2.000 pts. Real: 3.000 pts. De apoio: 5.000 pts.

Nome
Rúa ou parroquia.
Cidade ou concello.

BOLETIN DE DOMICILIACION (Só para os que queiran domicilia-lo pago)

Banco ou Caixa de aforros
Domicilio da Sucursal
Vila ou Cidade..... Provincia.....
Titular da cta./libreta.
Nº cta. ou libreta.....

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo a miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados o seu cobro por IRIMIA.

En.....a.....de.....de 199.....

Atentamente

(1) Sinalar cun X

IRIMIA



VÍA LÁCTEA

segue atraendo a grandes e pequenos. O Mago Antón lévamos coa súa maxia polos mundos infinitos das estrelas, galaxias, historia, poesía..., en Compostela. Na Coruña, e no seu Planetario, podemos contemplar ata decembro o programa co mesmo nome. Unha viaxe de cincuenta minutos nos que se unen peregrinación, camiño, poesía e observación astronómica. Os projectores, canóns de vídeo e tódolos efectos producidos funcionan gracias a un programa informático que é único neste cido científico.

Unha viaxe de cincuenta minutos nos que se unen peregrinación, camiño, poesía e observación astronómica. Os projectores, canóns de vídeo e tódolos efectos producidos funcionan gracias a un programa informático que é único neste cido científico.



“PETROVIGO, NON” é un dos berros que están a escoitarse nestas semanas na Ría de Vigo. Petrovigo quere construír unha estación de subministro de combustible pra buques na Ría de Vigo, polo que nove mil mariscadores e pescadores ven periga-lo seu traballo, e todos perderemos pra sempre a vida desta Ría. Xa non chega con ter arruinada a Ría de Pontevedra e con sufrir desastres coma Mar Egeo, Casón ou Urquiola... Postal da praia de Coia en 1902.

mil mariscadores e pescadores ven periga-lo seu traballo, e todos perderemos pra sempre a vida desta Ría. Xa non chega con ter arruinada a Ría de Pontevedra e con sufrir desastres coma Mar Egeo, Casón ou Urquiola... Postal da praia de Coia en 1902.

AS SETAS


deixaron de ser un froito prohibido pra converterse nun dos elementos máis cobizados das nosas cocinas, e tamén dalgunhas economías, e así xurdiron Escolas e Grupos micolóxicos que axudan a coñecer-las distintas especies. Nestes días na Escola de Sillobre (Ferrolterra) podemos contar ata cento cincuenta tipos de setas. En Vigo, na semana do quince ó vinteún, un ciclo de conferencias dará a coñecer-lo mundo das setas e a súa alimentación, (pra máis información: Agrupación Micolóxica A. Zarrota. Vigo. Tf. 226317).



deixaron de ser un froito prohibido pra converterse nun dos elementos máis cobizados das nosas cocinas, e tamén dalgunhas economías, e así xurdiron Escolas e Grupos micolóxicos que axudan a coñecer-las distintas especies. Nestes días na Escola de Sillobre (Ferrolterra) podemos contar ata cento cincuenta tipos de setas. En Vigo, na semana do quince ó vinteún, un ciclo de conferencias dará a coñecer-lo mundo das setas e a súa alimentación, (pra máis información: Agrupación Micolóxica A. Zarrota. Vigo. Tf. 226317).

A REXENERACIÓN DE PRAIAS

que se está a facer na Coruña, Oleiros, Sada..., extraendo area do infralitoral da Ría de Ares-Betanzos, pode alterar perigosamente amplas rexións das nosas costas: removendo sedimentos que gardan petróleo e outros residuos, danando a comunidade de peixes e moluscos adaptados a aquel medio agora destruído. Estes planos do MOPT de Madrid beneficia ós turistas e hosteleiros pero prexudica ós que viven do mar.



ARISTIDE ten que recuperar-la vida democrática de Haití, despois de ser derrocado polos militares. Nun dos países máis pobres do mundo, onde hai tamén máis millónarios por metro cadrado, o ex-salesiano Aristide predicou “a liberación prós pobres”, e isto molesta ós poderosos e militares que levan ó peto cada ano máis de douscentos millóns de dólares polo narcotráfico.

OS DERRADEIROS ANOS DA TRANSICIÓN EN GALICIA

pode marcalos esta lexislatura que estamos a escomezar. Fraga está preocupado pola súa sucesión e a ela vai adicarse de cheo nos vindeiros catro anos. Mentres tanto, os socialistas seguen a mirar pra atrás, buscando chibos expiatorios, pero o Alcalde da Coruña ata se esqueceu dos requisitos da votación. O BNG segue a artellar alternativas ós problemas do país coma verdadeira oposición.



pode marcalos esta lexislatura que estamos a escomezar. Fraga está preocupado pola súa sucesión e a ela vai adicarse de cheo nos vindeiros catro anos. Mentres tanto, os socialistas seguen a mirar pra atrás, buscando chibos expiatorios, pero o Alcalde da Coruña ata se esqueceu dos requisitos da votación. O BNG segue a artellar alternativas ós problemas do país coma verdadeira oposición.

O Parlamento tripartito

Case tódolos comentaristas e mailas enquisas previas coincidían en prever que os socialistas perderían posicións e que subiría o BNG. Tamén era opinión xeral que o Partido Popular volvería a obte-la maioría absoluta e que a coalición UG-EU estaba no gume da navalla, para acadar unha mínima representación. Por iso, nas liñas xerais, os resultados das eleccións autonómicas non son sorprendentes.

Pero non resultan menos espectaculares en moitos aspectos. O Partido Popular acadou os máximos resultados que lle outorgaban as enquisas preelectorais e mesmo as sondaxes dos votantes o día 17. Os socialistas sitúanse xusto no punto máis baixo que lles daban nestas previsións, mentres o BNG supera claramente os augurios máis optimistas e a coalición UG-Eu se sitúa no mínimo das previsións.

A Pax e Fraguiana

Os 750.000 votos do PP supoñen 20.000 dos acadados nas eleccións xerais do mes de xuño e 170.000 a maiores das anteriores eleccións autonómicas. Manuel Fraga supera o 52 por cento dos votos emitidos, proporción probablemente non acadada ata agora en ningunha elección xeral ou autonómica da democracia española.

Pódese dicir que o Partido Popular xuntou nesta ocasión tódolos votos propios e case tódolos de Coalición Galega e do CDS, de antigos abstencionistas e mesmo algún dos socialistas. É o único xeito de explica-la suba de 170.000 votos con respecto ó 89. A persoa e a obra de Manuel Fraga acadaron un recoñecemento máximo por parte do electorado, que non escoitou as críticas ó autoritarismo do candidato, ó fanatismo dunha boa parte dos seus seguidores, ós excesos de gastos burocráticos e suntuarios.

Agora ten diante de si o reto de gobernar outros catro anos sen ningún obstáculo, máis cós que lle poidan vir dos seus propios amigos e aspirantes á sucesión. Aí terá a ocasión de demostrar un verdadeiro exercicio de autoridade,

ou ben de recoñecer que é un mero autoritarismo, como pretenden os seus adversarios. A formación do novo goberno será o primeiro indicio de camiño que vai seguir nesta nova etapa.

Buscando un culpable

Os socialistas tiveron nesta ocasión 210.000 votos menos ca en xuño e perderon 90.000 con relación ás anteriores eleccións autonómicas, pasando de 28 a 19 deputados. As desavinzas internas dos últimos meses toman agora un novo pulo. Cada sector pretende que os outros son os únicos responsables da desfeita,



pero un retroceso tan forte precisa, seguramente, sumar tódolos defectos que uns e outros descubren.

Na conta do candidato á presidencia e secretario xeral haberá que apuntar boa parte dos votos perdidos con respecto ó 89. Antolín Sánchez Presedo e mailo seu grupo parlamentario non tiveron un papel brillante na pasada legislatura. Pero non se pode dicir que brillasen precisamente a gran altura González Laxe, Pepe Nogueira e algún outro que quedaron fóra das listas. Tamén se lle pode atribuír a Sánchez Presedo a escasa bagaxe que aportaron os catro "galeguistas independentes", procedentes doutros partidos, que tiveron posto destacado nas listas.

Na conta de Francisco Vázquez e dalgún outro descontento coas listas de candidatos poderase apuntar dúas ou tres ducias de milleiros de votos, fundamentalmente da Coruña, pero moito menos os de Lugo, Ourense ou Vigo, e non



Por TINTXU

digamos Santiago e Ferrol, onde ninguén protestou polas listas.

Seguramente estivo moi acertado Suso Mosquera, secretario xeral da UXT, cando lle atribuíu a parte fundamental do fracaso ó incumprimento das promesas electorais, sobre todo as dos meses máis recentes. Neste senso puido ser contraproducente na campaña o desembarco de ministros, dos que, fóra de Borrell, ningún fixo nada específico por Galicia e son moitos deles perfectamente descoñecidos. Agora ben, o apoio tan expreso de Felipe González e Narciso Serra ó candidato fainos directamente corresponsables do fracaso.

A eclosión do BNG

Os 270.000 votos acadados polo BNG marcan un fito, xa que supera claramente os resultados das tres candidaturas nacionalistas do 89 e iguala practicamente os do 85 (cando CG obtivera 15 escanos, con 163.000 votos). Por outra parte son máis do dobre dos logrados nas eleccións xerais de xuño.

Semella claro, xa que logo, que o BNG sumou ó seu electorado parte do que tiñan Coalición Galega, PSG-EG (que no 89 tivo 50.000 votos) e EU (con 20.000 votos daquela). Pero non saen as contas se non lle sumamos polo menos cen mil procedentes do PSOE e mesmo algún trasvase do PP.

Agora o reto consiste en facer rendibles tales resultados, a través do traballo parlamentario e social. Existe unha gran expectativa por ver ata que punto tan gran éxito pode ser xestionado por unha organización tan plural e variada.

Finalmente cabe sinalalo retroceso da coalición UG-EU, que obtivo un resultado máis baixo (en cinco mil votos) do que obtivo o PSG-EG no 89, e uns 30.000 votos menos ca en xuño deste ano. Agora ábrese unha grande incógnita sobre o futuro desta opción política.

O mundo anda revolto

Os medios de comunicación seguen a reflexiar desgraciadamente, nas últimas semanas, feitos violentos concretados en conflitos armados en case que tódolos continentes. Destacan a permanencia dos conflitos na Iugoslavia, Somalia, Angola, Georgia e Haití. Ninguén pode comprender a perda de tantas vidas humanas, de recursos culturais... de situación de vulneración continua dos dereitos humanos. A práctica pasividade dos países "fortes" do mundo resulta igualmente incomprensible e inaceptable.

Xunto a esas noticias hai que mencionar tamén a crise rusa, que tamén provocou innumerables mortos e golpe de estado, por máis que os países occidentais e USA o tratasen de enmascarar, que o presidente Ieltsin levou a cabo para impoñe-las súas ideas. As eleccións finais deste ano esperemos que resolvan esta crise que tanto pode afectar a todo Occidente.

Mais non todas son noticias malas e así as eleccións en Grecia, os premios Nobel da paz e a lenta normalización da situación en Palestina parecen se-la outra cara da moeda.

Os socialistas gregos, con Papanou a cabeza, foron os grandes vencedores das eleccións gregas. Cando en moitos países de Europa parecía respirarse aires conservadores, xurdiu unha relativa sorpresa neste país, no que naceu a democracia. As repercusións interiores e exteriores deste feito xa comencan a notarse.

Os sudafricanos Mandela e De Klerk compartiron o premio Nobel da Paz de 1993, por "senta-las bases

dunha nova Sudáfrica democrática" e "por mirar cara adiante, cara á reconciliación, en vez de cara atrás, ás feridas do pasado, demostraron unha integridade persoal e unha gran coraxe política".

O acordo histórico entre palestinos e israelitas, ó que faciamos referencia noutro número de Irimia, segue un proceso moi lento e coas previsibles dificultades. Recentemente os palestinos non aceptaron as propostas israelitas sobre seguridade. As negociacións están a ser reanudadas na cidade exipcia de Taba.

Outra noticia que merece destacarse é a do cumio de presidentes de 32 gobernos europeos, que forman o Consello de Europa, que intentan dar un impulso á cooperación e desenvolvemento democráticos. Do mesmo xeito, defenderon unha declaración antiracismo, ó sinalar que "non podemos aceptar ningún comportamento político ou non político que, expresa ou encubertamente, faga uso do racismo, da xenofobia, o antisemitismo e a intolerancia para a súa xustificación", baseándose en que o Consello de Europa debe ser "o pilar fundamental da democracia en Europa, da garantía da liberdade individual e colectiva, da tolerancia e do respecto entre os cidadáns". Estas declaracións de principios chocan co apoio manifes-



tado e a solidariedade co presidente ruso Ieltsin.

Outras noticias resumidas de xeito telegráfico foron as seguintes:

- Benazir Bhutto elixida de novo coma primeira ministra de Paquistán.

- A Praza "Roxa" deixará de ser un cemiterio de persoas ilustres.

- Levantado o toque de queda e o estado de excepción en Moscova.

- Moscova decídese a axudar militarmente a Xeorxia.

- Fujimori asegura que o grupo guerrilleiro peruano Túpac Amaru (MRTA) practicamente desapareceu coas últimas detencións.

- No Brasil continúan as acusacións de corrupción; agora contra trinta deputados acusados de coller parte do presuposto nacional. Mentres as matanzas de nenos e nenas da rúa é triste noticia.

- En Italia a corrupción tamén se estende ós maxistrados.

MOISÉS LOZANO PAZ

“**N**on hai máis ca ceo e inferno, o purgatorio é un invento dos curas”. Velaquí unha frase que se escoita a miúdo e que reflicta a incomodidade sobre un tema do que a Biblia nada afirma directamente. Este é o motivo polo que Lutero lle chamou terceiro lugar, que el considerou coma invento romano. Pero ¿pode reducirse a crenza católica no purgatorio a o simple feito de cobrar cartos por misas ofrecidas para sacar de alí ás ánimas? A cuestión parécenos máis complexa.

Algo habrá que purificar

Nas diversas relixións unha idea central constitúea o binomio puro/impuro. Na Biblia inzan aqueles actos que converten o ser humano en impuro, incapaz de se achegar á divindade, e, polo mesmo, necesitado de purificación.

A cousa é de tanta categoría, que hai relixións que profesan, trala morte, a transmigración das almas e maila súa reencarnación sucesiva en corpos, mesmos de animais, ata que se dean purificado.

Pero a teoloxía actual foi cambiando de sistema: en vez dun lugar de purificación, hoxe insístese nun tempo, nun proceso. Hoxe temos, logo, un purgatorio *desinfernalizado*, que nada ten que ver coas arrepiantes imaxes de persoas que arden no lume agardando a purificación. E iso xa é outra cousa.



O PURGATORIO (COA VIRXE DO CARME)

Imaxe tradicional. Pero ¿é o purgatorio un lugar? Din os teólogos que é un proceso. E santo Agostiño afirmaba que "Deus é o noso lugar".

Ruin base bíblica

O mesmo Catecismo da Igrexa Católica vacila á hora de tratar do tema: se no nº 1031 afirma que a tradición "fala dun lume purificador", no nº 1472 refírese ó "estado que se chama purgatorio". Tal purificación disque libra do que se chama a pena temporal de pecado. E aquí está a nai do año.

Este sería un tempo purificador no que o cliente para a vida eterna tería que purgar mediante o sufrimento e podería ser axudado por medio das oracións e sufraxios dos vivos. Sería, ademais dun terceiro lugar, unha segunda oportunidade. O que pasa é que hai teólogos que afirman que Deus pode purificar nun intre.

A incomodidade teolóxica provén da feble base bíblica que se invoca: o libro II dos Macabeos (12,41-46) refírese á posibilidade do perdón dos pecados trala morte e da eficacia das pregarias. Pero o texto fala do tratamento singular dos mártires macabeos, que, a pesar do seu pecado-¿grave, non leve ou venial!-, han resucitar. Tamén se argúe, para probala existencia do purgatorio, a partir da parábola de Lucas (16,10-26) sobre o pobre Lázaro e o rico Epulón.

¿Ese tempo intermedio!

Alguén poderá sorprenderse de que a expresión *O Purgatorio*, coma nome propio, substantivo, non apareza ata o século XII, concretamente entre 1150 e 1200. E isto ten suma importancia.

No inicio da *idea purgatoria*

hai algo fermoso: a crenza de que vivos e mortos somos solidarios. Isto deu pé á creación de institucións e confrarías que reforzaron a cohesión da comunidade cristiá-galega, moi en especial-, pero que co tempo chegará a abusos de poder clerical e de utilización económica.

No nacemento do purgatorio tivo moita importancia o costume de orar polos defuntos, que non existiu na Biblia ata os Macabeos. Santo Agostiño non falou de purgatorio (substantivo) senón de purgatorio (adxetivo): *lume purgatorio*.

Detrás de todo isto está unha estraña concepción, por máis que hoxe nos pareza normal: a idea de que, ademais dun xuízo final de toda a humanidade, haxa un xuízo particular para cada persoa inmediatamente trala súa morte. Nisto infúe a filosofía platónica, que, ó separar alma e corpo -cousa que a Biblia non fai-, ten que enche-lo tempo entre o xuízo individual e a resurrección dos corpos.

O nacemento do purgatorio

Na Idade Media, a autgoridade de santo Agostiño e de san Gregorio Magno fan que a crenza medre, e do século VI ó XI de tal xeito se desenvolve que mesmo se desobedece ó concilio de Calcedonia, que no século V prohibía a ordenación absoluta, é dicir: ordenar sacerdotes sen que teñan unha comunidade. O canon 6 declara tal ordenación nula e inválida.

Pero tan grande era a fame de sufraxios polos defuntos, que ordenan sacerdotes a monxes -sen parro-



Frontispicio da Capela



doce das Ánimas. Un purgatorio infernalizado.

⇨ quia nin comunidade-, para que puidesen ofrecer misas polos defuntos. Nacen as *misas dedicadas*, ó meu parecer en detrimento da Eucaristía coma celebración central e comunitaria, gratuíta, da fe. A mediados do século XI os monxes de Cluny institúen a festa de Tódolos Santos e a de Defuntos. Todo a punto para que naza o purgatorio.

O papa Inocencio III, a principios do século XIII, acolle axiña as novas ideas e á división que antes se facía entre Igrexa *militante* (na terra) e *triumfante* (no ceo), el engade a de Igrexa sufrinte, que logo se chamou *purgante*. Era o triunfo do número 3.

O atractivo da tríada

O papa chamábase Inocencio, pero non era inxenuo. El razoaba que daba xenio: “Os vivos preocupáanse dos mortos porque eles mesmos son tamén futuros defuntos”. Pero o cristianismo herdara un modelo dualista sobre a topoloxía do alén: ceo e inferno. Cambiando na imaxinación popular este esquema binario polo ternario, a Igrexa realizaba unha operación moi importante que lle ía da-la posibilidade de control estricto sobre o alén.

O sistema binario tiña moito prestixio. Tanto, que santo Agostiño dixera que existían 4 categorías de persoas (4 é dúas veces dous, logo tamén dual): as boas, as malvadas e as medianas, que podían ser medianamente boas ou malas. O cambio de catro a tres foi moi difícil, mesmo discutido. Os esquemas simbólicos tampouco non son inocentes, e a mística dos números agacha intereses concretos.

Pero é que a xente, a partir do ano Mil, estaba xa farta de tanto dualismo. Naceu toda unha nova simbólica dos números que rescataba a mística das antigas cifras: os setenarios tiveron tanto éxito no século XIII que se catalogaron 7 sacramentos, 7 pecados capitais, 7 dons do Espírito Santo, 14 obras de misericordia (7+7). Pero o triunfo foi o do número 3.

O cidadán do alén

O Purgatorio nace no século XII; no seguinte século, o XIII, xorde a paixón polas grandes viaxes e a necesidade da cartografía: de elaborar mapas; tamén é o século do cálculo matemático. A cartografía ultraterrea está en marcha, e así mesmo, a idea matemática da proporcionalidade das penas en función da gravidade do

pecado convértese agora, por influxo das matemáticas, en cuantitativa.

Se parte do monacato caera na idea de desprezo do mundo, agora hai un certo optimismo. Pero o medo á morte e ó sufrimento inza. A existencia dun Purgatorio parece que mitiga ese padecer, pois prolonga o tempo da vida e da memoria. O culto funerario, como ben sabémo-los galegos, reforza os lazos familiares e sociais. Nace o cidadán do alén que, como en Galicia sabemos, non deixa de se comunicar cos cidadáns do aquí.

Pois a imaxinación manda, houbo ousadas localizacións do Purgatorio. Se san Gregorio Magno cavilaba que cadaquén purgaría no sitio onde pecara, como o imaxinar non ten cancelas, nunha illa de Irlanda situouse o chamado Purgatorio de San Patricio, aínda hoxe existente, e en Sicilia no Etna e noutros volcáns.

O éxito do invento

Parece que os teólogos do século XIII mantiveron resistencias perante unha doutrina que lles resultaba estraña e novidosa, e san Tomás de Aquino seica tratou o tema sen ⇨

moito entusiasmo. Pero no ano 1274 o II concilio de Lyon dálle a súa formulación oficial, aínda que non existe declaración dogmática ningunha que obrigue a un cristián a crer nun lugar de suplicio ou con lume.

En cambio o éxito social foi fulminante: o Xubileo do ano 1300 constitúe o seu triunfo. Os frades medicantes (franciscanos, dominicos), cultivan o tema funerario creando confrarías e estimulando testamentos. O éxito social do Purgatorio ten que ver coa obsesión que polo tempo existe no século XIII, polo milenarismo e maila fin do mundo.

Para a Igrexa, e para o nacente dereito canónico, constituía unha tentación o feito de que a súa xurisdicción se estendese a ese novo territorio do alén. O asunto das indulxencias, tan incómodo de comprender, vai facer carreira. As peregrina-



A porta do purgatorio. Ilustración de Doré á Divina Comedia de Dante. Demasiada severidade. O xuízo de Deus é salvador.

cións e os xubileos abren unha nova dimensión na Igrexa fornecendo a posibilidade de gobernar non só o aquí, senón tamén o alén.

Algo máis de cen anos despois do seu nacemento, o Purgatorio beneficiase dunha sorte extraordinaria: a Divina Comedia de Dante outórgalle un posto que será subliñado por numerosos sermóns que favorecen o cristianismo do medo que aínda andamos metido.

O problema relixioso é grave: se Deus coma xuíz significa na Biblia a función salvadora, agora a mentalidade xurídica e forense vai transformar a Xesús Cristo exercendo un xuízo que xa non é liberación, porque perde a súa forza profética de xustiza a favor dos pobres e pecadores por culpa dunha mentalidade xusticeira.

PEPE CHAO

O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



Castañas e magostos

Hai dúas datas do mes de novembro que teñen por protagonistas ás castañas, Santos e San Martiño, ese froito agora un tanto esquecido pero que ata a expansión do cultivo da pataca foi un dos alimentos básicos da mantenza humana. Tanto é así, que o froito americano conservou ata os nosos días nalgunhas zonas a denominación propia das castañas, coma *balocas*, ou *castañas Indias*.

Temperá é a castaña que por setembro regaña, reza un vello refrán. Se o ano é bo, antes da chegada do San Miguel (29 de setembro) xa se poden proba-las primeiras castañas, aunque a colleita ten lugar en outubro. Se pasades estes días por terras onde queden vellos castiñeiros de seguro que veredes (anque cada vez xa hai menos) ós *varexóns* subidos ás árbores, *varexando* os ourizos das polas máis altas. O parar el, empezan os homes e as mulleres a apaña-las castañas e os ourizos. En boa parte de Galicia, antes adoitaban deixa-los ourizos a madurar nos mesmos soutos, dentro dunhas construcións circulares, denominadas *ouriceiras*, *curriceiras* ou *corripas*. Nas terras luguesas de Navia de Suarna aínda quedan moitas destas sinxelas construcións, algunhas en uso.

Ourense celebra o seu patrón, San Martiño, coa festa dos magostos, pero noutras partes o día escollido é o primeiro de novembro, Tódolos Santos. Os que xa andamos preto dos cincuenta anos aínda lembramos cómo tal día e noite as campás das igrexas tanxían polos defuntos, mentres os nenos e mozos que botaban a noite no campanario pasábana comendo castañas asadas.

As derradeiras reservábanse para a Coresma, para face-lo “caldo de



Un magnífico exemplar de castiñeiro, de trece metros de circunferencia (Os Ancares, León).

maias”, e tamén para o primeiro de maio. Estas últimas eran *maias* ou *maiolas*, (secas e curadas no caínzo), que antano solicitaban os nenos que cantaban os maíos:

*Déano-las maias
señor cura, dea,
das que lle sobraron
da súa caresma.*

*Tíreno-las maias
señora María,
tíreno-las maias
que bailan na criba.*

Un pouco de gastronomía

Agora xa case non se fai que comelas asadas ou cocidas, pero nas terras onde abanda este froito, aínda conservan vellas receitas herdadas de antano.

Entre outras, hai algúns anos que recollín as seguintes en Navia de Suarna, e, en particular, na parroquia de Rao:

Castañas asadas: pódense asar na lareira, no forno, nun tambor de folla de lata ou no campo ó aire libre. O rematar cómpre cubrilas con follas de nabiza ou de verza para que “amolezan”. Se é no monte, entón en vez das follas bótanse-lles terra.

Castañas cocidas: sácaselle-la tona e cócense sen máis, botándolles unhas areñas de sal. Non lle quedan nada mal unhas follas de afionllo ou mesmo néveda.

Castañas con leite: cócense sen a tona, logo sácaselle-la “paraza” interior e bótanse no leite.

Caldo de castañas con navizas: cómpre sacárle-las dúas “parazas” antes de botalas na auga. Cocen xunto coas fabas. Por último van as nabizas que xa deben estar cocidas. Engádeselles un pouco unto e sal.

Caldo de castañas e verzas: igual que coas nabizas, só que as verzas cócense cando as fabas e as castañas. Levan unto e sal.

Caldo de castañas: sácanse-las dúas “parazas” e cócense. Logo bótanselles unto ou touciño, e sal.

Castañas da salmoira: cócense coa tona e bótanselles moita salmoira na auga, para que queden ben salgadas por fóra pero, como dín os naviegos vellos, con bo gusto por dentro. Só se preparan na época da mata dos porcos.

Recoméndovos que probedes algunha destas receitas. ¡Que vos aproveite!.

No nome do único señor das túas terras

Ama as túas terras,
onde bóta-la semente cada ano;
ama os seus froitos,
froitos tamén dos teus coidados.

Ama os teus animais,
os teus apeiros e ferramentas,
axuda indispensable cada día
para ver vida naquelo que sementas.

Ama os teus costumes,
as túas tradicións e as túas festas,
a túa música e o teu canto,
desfruta e medra pegado a elas.

Ama a túa paisaxe,
cada monte, cada val, cada ribeira,
cada árbore e cada flor,
ata a morte estarán á túa beira.

E prepárate cos teus irmáns labregos,
con eles organiza os teus esforzos,
pois, xa saber, só reunidos
atoparemos forza nos días mouros.

Tarde ou cedo posuira-la terra enteira,
que Deus a todos nos entregou
coma regalo de nacemento, coma tarefa.

El é o único Señor das túas terras,
só a el lle debes reverencia.

Ama a túa lingua,
cada palabra viva e certa
coa que lle da-lo nome ás cousas
e as fas así irmás e compañeiras.

Ama á túa familia,
recorda reverente ós que morreron,
coida a muller, o home, os fillos,
e mima agradecido ós nosos vellos.



O medo á liberdade (Ex 16-17)

A vida do deserto é difícil, moi insegura. Hai que camiñar xuntos e andar á procura de pozos de auga, defendéndose doutros pastores que porfían por ela. Hai animais salvaxes e perigosos. Pero o principal deles é a escaseza de comida e auga, que hai que racionar. Os hebreos en Exipto eran escravos e traballaban arreo, pero sempre había unha comida ruín asegurada. Agora, non. ¿Consecuencias? Non daban aprendido a dureza que sempre esixe a liberdade. Imos velo:



Hai penas no deserto que, cando se baten, dan auga.

16.- ¹A asemblea dos israelitas saíu de Elim e chegou ó deserto de Sin, entre Elim e o Sinaí, o día quince do mes seguinte á saída de Exipto. ²Toda a comunidade murmuraba no deserto contra Moisés e Aharón. ³Dicían: “¿Sequera morresemos pola man do Señor na terra de Exipto, sentados ó redor dos potes de carne e con pan a fartar! Trouxéste-nos a este deserto, para matar de fame a toda esta comunidade”.

Moisés, bo coñecedor do deserto e dos seus recursos, porque o aprendera do seu sogro Ietró, vai guiar ó pobo, aínda que para o texto sagrado o guieiro é o mesmo Iavé, un deus pastor.

⁴O Señor díxolle a Moisés: “Vou facer chover un pan do ceo para vós. O pobo sairá e collerá o que lle cumpra para o día. Quero poñelo á proba, para ver se anda ou non coa miña lei. ⁵O día sexto prepararán todo o que collan, que será o dobre do recollido os outros días. (1)

Na sexta feira, venres, había que recoller dobre, por culpa de non traballa-lo sábado. Pero os hebreos, nin con esas, que non só de pan vive o home e querían talladas, que eles dicían que as comían en Exipto. ¡Érache boa!

¹¹O Señor díxolle a Moisés: ¹²“Oín as murmuracións dos israelitas. Dilles isto: O anoitecer teredes carne que comer e pola mañá pan a fartar. E saberedes que eu son o Señor, o voso Deus”. ¹³Ó serán viñeron paspallás e cubriron o campamento. Pola mañá había nos arredores unha capa de orballo (...) ¹⁵Os israelitas, ó que o viron preguntábanse uns a outros: “¿que é isto?”. Pois non sabían o que era aquilo. ¹⁶Respondeulles Moisés: “Este é o pan que o Señor vos dá para comer”. (2)

Pero o verdadeiro tormento do deserto é a sede:

17.- ¹A asemblea dos israelitas, seguindo as ordes do Señor, saíu do deserto de Sin e, por xeiras, chegou a Refidim, onde acampou. O pobo non atopou alí auga que beber, ²e rifa-ba con Moisés, esixindo: “Dános auga para beber”. El respondíalles: “¿Por que rifades comigo e tentáde-lo Señor?” ³Pero o pobo, sedento, seguía queixándose por auga a Moisés: ¿Por que nos sacaches de Exipto...?

¡O que tal fai o medo á liberdade: preferi-la servidume!

⁴Moisés clamou entón cara ó Señor (...) ⁵O Señor respondeulle: “Pasa diante do pobo, toma contigo algúns dos anciáns de Israel, leva na man a vara coa que batéche-lo Nilo, e camiña. ‘Eu presentareime diante túa alá no Horeb, onda o penedo. To batera-lo penedo, e sairá auga del para que o pobo beba”. (3)

O nome Iavé significaba Eu serei, pero a tentación dos hebreos -o texto chámalles israelitas, pero aínda non o son- era preguntarse: “¿Está Iavé connosco?” E isto non deixaba de ser unha ofensa a tal Nome. (4)

1 O maná (*ma-na* significa, ¿que é isto?) son gotas coma de mel que caen do tamarisco ó ser picado este arbusto polos insectos. Con el faise unha torta moi saborosa que aínda hoxe constitúe unha lambetada para os beduíños, nutritiva pola porción de azucre que contén. Ó entraren en contacto co fresco da noite, fanse sólidas de xeito que unha persoa pode apañar ata un quilo por día. Pero hai que facelo cedo, antes das nove da mañá, porque a calor do deserto vainas derreter axiña. Este alimento, tan natural que hoxe mesmo se pode recoller, foi símbolo dun alimento sobre-natural que se lle chamou pan do ceo e tamén pan dos anxos, denominación que logo se aplicou ó pan eucarístico.

2 As aves emigratorias que veñen do norte de Europa, maiormente de Escandinavia, no outono fóxenlle ó inverno europeo para pasalo en África, para tornaren en primaveira. Entre estas aves están os paspallás, que cando pasan pola península do Sinaí chegan tan esgotados de cruza-lo Mediterráneo, que caen ó chan e pódese coller en grandes cantidades sen que poidan emprende-lo voo e fuxir. Así os cazan aínda hoxe os beduíños.

3 No deserto hai rochas, que batidas con forza ou fendidas, zumegan auga potable e fresca que alivian a sede.

4 Por suposto que o texto bíblico está narrado non dende a experiencia dos hebreos do deserto, senón dende a fe dos israelitas posteriores, que viron a man de Deus en acontecementos naturais. Toda fe é unha reinterpretación da vida. Niso consiste a profecía e maila revelación.

Asturias, patria querida

Este ano a Romaxe foi pasada por auga. Os irimegos aturamos ben, con moita fidelidade e non pouco humor, que as nubes fosen inclementes con nosoutros por vez primeira na vida. Xa había quen sospeitaba dun misterioso pacto coa atmosfera. Pero tamén é certo que a Virxe do Viso se mollou e que Galicia enteira se puxo pingando antes da Romaxe, nela, e máis dun mes seguido despois dela. Había 30 anos que non chovera tanto e tan a desgusto de todos.

Este chuvieiro suceso dános pé para informarlle ó irimego do proceso que leva consigo a preparación da Romaxe a a tentación de verse frustrados cando as cousas non saen como é querido, que os irimegos, na nosa ambición, sospeitamos debido. Nada mellor para iso que informar da preparación da próxima Romaxe.

Desta vez nun outeiro

Había anos que tiñamos empeño de tomar contacto con portugueses e asturianos, as nosas dúas fronteiras tanto naturais coma fraternais. E na parroquia de Ove, ó pé de Ribadeo, existe un monte ou outeiro, o de Santa Cruz, que nos ofrece, ademais dunhas condicións óptimas, o contacto visual co mar, que varios irimegos veñen reclamando.

Alá fomos antes da do Viso, e xa levamos feito catro reunións, a última o día 17 de outubro, despois de votar tamén como é debido, aínda que os resultados non sei se foron queridos. A próxima xuntanza ha se-lo día 3 de abril, domingo de Resurrección. Como o equipo preparador pareceunos xa maduro, por ese motivo distanciamos tanto a próxima reunión. Se algún irimego se anima, tanto mellor: pode asistir.

O 17 de outubro, eliximos

Este domingo "votivo" estaban agardándonos xente amiga que anda arredor do grupo de técnicos de Estensión Agra-

ria, que son os que se van facer cargo da organización e acudiron ó Viso a recolle-lo ramo da festa, que con tanto agarimo lles preparou a xente de Bande. Antón Oca, colaborador de Irimia, puxéranos en contacto con eles.

A Ribadeo acudiron, dende Vigo, Josefa e Severino, vocal este da Romaxe na Asociación Irimia. Do Incio chegou o Anxo, de Ferrol Conchi, Xosé María e



Ramón, de Vilalba Cloti, de Santiago Sari e Pepe, da Rigueira (Xove) Teriña e Marica; esta última, poetisa, aceptou o encargo de elabora-lo folleto da liturxia -xa o fixera noutras Romaxes-, xunta con Benardo, autor da liturxia do Viso e que leva asistido as diversas reunións. Carmela e Agustín, siareiros da preparación das últimas Romaxes, non puideron asistir.

Un equipo de xente que, xunto cos nativos, coma os de Rinlo e os xa ditos de Estensión Agraria -Lorenzo, Maruchi, Suso, Loli, Rosa...-, tamén eliximos a Marica e Bernardo coma membros da comisión de liturxia, a tomaren contacto cos rapaces de Rinlo por mor de iren elaborando o folleto da Romaxe.

As outras 5 comisións habituais -de infraestrutura, de economía, da festa da tarde, de acollida, de prensa- han render

contas do seu labor na próxima xuntanza. As Romaxes requiren boa preparación para que dean a sensación que todo marcha de seu.

Coma un irmán che falo

Na Romaxe do Viso houbo que crear unha nova comisión, a de *Asuntos Exteriores* para tomar contacto con Portugal. En Ribadeo tamén procuramos que se incorpore xente de Asturias para a preparación. Xa o fixeron Carme, de Castropol, e Benigno, de Boal, que ademais é o presidente da mesa para a Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca.

Benigno e Carme encargáronse de tomar contacto con persoas de diversas zonas de Asturias -non só da galegófono- para que se poida dar unha participación e un coñecemento mutuo, conforme ó lema da Romaxe -"Coma un irmán che falo", que tomamos dun poema de Celso Emilio Ferreiro, e que, neste caso queremos que sexa eco do refrán castelán: "Gallegos y asturianos, primos hermanos". Mesmo se falou dunha posible convivencia en Asturias unha fin de semana para coñecérmolos mellor.

Por certo que na xuntanza ribadense saíu a conto o himno de Asturias. Alguén se laiaba de que fose unha cántiga tabernaria e de xente bébeda. Pero amosámo-la nosa admiración porque o pobo de Asturias recollese do chan tan fermoso cantar e cavilamos que era conveniente que, trala Romaxe, ningún irimego volvar a cantar con frivolidade o himno dun pobo curmán. Que cando entoe o *Asturias, patria querida*, a emoción fraternal lle chegue á gorxa dende as entrañas.

Regresamos a candansúa casa coa satisfacción dunha xuntanza ben comunicativa e tamén eficaz, e coa convicción de que no monte de Santa Cruz, o sábado 10 de setembro de 1994, non ha chover.



Por SUSO DE TORO

Vivir é medrar

Fraga gañou as eleccións (e menuda "chosca" que nos meteu a todos), é tema interesante para cavilar esta da identificación tan grande dunha sociedade cun presidente que non sabe gobernar nin lle gusta, pero que adora mandar e sabe encarnar o mando. Un presidente que probablemente encarne as características que mellor definen a alma do noso país, bárbaro e sentimental.

Doutra banda, foi esta unha campaña na que prevaleceu o continente sobre o contido, o espectáculo sobre a proposta seria. A política, decididamente, entrou nunha fase adolescente, superficial e consumista na que o voto se exerce de xeito bastante frívolo. Pero en fin, nunca choveu que non escampase.

Mais, sen esquecer estes aspectos, quero referirme sobre todo á particular victoria do BNG. Un triunfo que dirime sen apelación unha regueifa ente dúas maneiras de entender o nacionalismo e establece que hai unha única organización nacionalista.

Se isto é visto coma un triunfo dunha organización sobre a outra simplemente debería ser tido por unha victoria pequena e de dibudosa gloria. Mais penso que se pode e se debe ver como unha solución superadora dun conflito político. Mentres viviron dúas organizacións disputando un mesmo espacio enfrontadas nunha loita durísima por sobrevivir, unha encerrada nunha ofensiva e outra nunha defensiva, non foi posible o acordo. Agora que está saldada a discusión é inevitable o recoñecemento do vencedor en boa lixe.

Pero este saldo non só non debería ser humillante para o perdedor, senón que abre esperanza, porque nunha dialéctica é inevitable non achegarse dalgún xeito ao contrario, e a campaña electoral do BNG, a pesar de ambigüidades, foi máis próxima que nunca ás propostas tradicionais de Unidade Galega. Ese recoñecemento das posibilidades da autonomía e ese deixar de banda a ideoloxía creada nestes anos

arredor da CEE para centrarse nas solucións aos problemas concretos, crea un campo común para todos os nacionalistas que queiran participar na política.

Quen pense que o BNG só medrou en número de votos erra. Houbo un salto cualitativo que nace de que a sociedade lle encargou, por primeira vez a unha organización nacionalista galega, que faga política na vez de encerrarse a administrar ideoloxía. O BNG o outro día deu un estirón, xa ten a talla dun adulto. Falta agora que vaia completando con quilos de peso político, de madurez, ese corpo de adolescente mangallón.


Oxalá que haxa agora a xenerosidade para tender unha man dialogante aos nacionalistas que perderon as eleccións. E oxalá haxa tempo e paciencia para dialogar coa sociedade e gañar en política viva e útil o que se vaia perdendo en certezas ideolóxicas. Vivir é transformámonos, vivir é medrar sempre.

MEMORIAL de AGRAVIOS



galaxia

Un relato autobiográfico que é tamén a crónica dunha disidencia. Unha crítica desde a reflexión e desde a experiencia á Igrexa galega do noso tempo.



Ditos do mundo agrícola (2)

Acomoda-lo gando

Cando se pon o sol, as familias que pasaron o día ou a tarde xuntas, despíden-se para iren cada unha para a súa casa. Os primeiros en marchar son sempre os que teñen fillos pequenos, porque teñen que bañalos, facérlle-la cea, preparárlle-las cousas do día seguinte e así. Neses casos teño oído moitas veces, e eu mesmo dígo, *Ben, nós ímonos que temos que acomoda-lo gando*. O noso *gando* é unha maneira cariñosa de lle chamar ós fillos pequenos. Como vedes, esta expresión denomina un feito con palabras que realmente designan un feito radicalmente distinto (vacas e becerros non é o mesmo ca nenas e nenos) pero parecido (en canto que tamén hai que limpa-la corte, estrala, muxi-las vacas, botarlles de comer e pre-paralas para que durman). Isto é unha metáfora.

A xente usa (e crea) metáforas, é dicir, crea chispas de literatura sen sabe-lo, da mesma maneira que quen nada non ten por que sabe-lo principio de Arquímedes. Para andar en bicicleta non se precisa sabe-las leis físicas que se cumpren no feito de mante-lo equilibrio enriba de

dúas rodas e ademais desprazarse. Así, os que falan con ditos son literatos sen saben literatura.

Pero falemos de gando. Estaba Silvina queixándose en Caritel do mal que lle quedou un traballo que lle encargara a non sei quen, xente pouco curiosa, como era sabido. E díxolle Eliseo *¿Pero ti con que gando andas metida, muller?* Aquí a palabra gando xa non é cariñosa, senón despectiva.

Saber con que gando labra un é saber con que clase de xente un trata, saber que colaboradores ou que contrin-cantes ten. *Sei con que gando labro-dicimos ás veces*. Silvina, se cadra, sabía con que gando labraba, pero non tiña mellor onde escoller naquela hora. Porque, xa sabéde-lo que di o refrán *Entre ruín gando pouco terás que escoller*.

Ser un gando mal gardado é estar correndo perigo. Lembrades aquela can-tiga

*Canta rula, canta rula
por riba daquil balado;
as mulleres antre os homes
é un gado mal gardado.*



1. Oian damas e señores coma nun cantar de cego o que fixo unha señora: deulle labazada a un crego.

2. Sucedeu luns dezaoitto de outubro a estraña cousa tras funeral nunha igrexa da cidade de Arousa.

3. Seica a filla da defunta viu boa a ocasión pra achegarse ó altar e recibir comunión.

4. Pero o crego, que era frade, negoulle tal beneficio disque non foi por capricho, mais por cumprir co oficio.

5. A señora, trala misa, reacciona alporizada e o crego dille que nones, pois ela está amancebada.

6. Guíndalle un bo lapote e o frade dille que bula que o Evanxeo lle manda poñe-la outra fazula.

7. De obediencia evanxélica a recén orfa fai mostra e vai á outra meixela guindarlle a segunda... ostra.

8. O crego tiña razón e afirmo eu nesta crónica que o pobriño é a vítima dunha síndrome canónica.

9. A culpa é desas leis que establece o Vaticano e o Dereito canónico, non é un dereito humano.

10. Évos gaita que un crego que sexa liberador das eclesiásticas leis ten que ser un transgresor.

11. Xa dixo o profeta Oseas e abofé, falou de oficio: "Eu misericordia quero -di Deus-, e non sacrificio".

12. E na boca de Xesús a misericordia medra: quen non adultere en algo que chimpe a primeira pedra.